



## CINE ÁFRICA 2010 - CARBALLO

5, 6 e 7 de ABRIL de 2010

Pazo da Cultura, Rúa do Pan

Co obxectivo de acercar a realidade africana á poboación da provincia, a **Deputación da Coruña** organizou a Primeira edición de **Cine África**: este ciclo propónse lanzar unha iniciativa con vocación de continuidade, que sirva de escaparate á realidade do veciño continente vista e analizada a traveso da linguaxe cinematográfica dos propios africanos; e dende esta premisa, cos novos galegos e galegas que, procedentes de África viven e traballan aquí na actualidade.

A partires do exitoso **Festival de Cine Africano de Tarifa (FCAT)** desenvólvese a iniciativa de **Cinenómada**, a cal posúe unha ampla selección de títulos procedentes das edicións do Festival, subtitulados en castelán que, hoxe por hoxe, son a única oferta desta dimensión e xénero que existe no noso país.

Grazas á colaboración de **Casa África** e da organización de Cinenómada, a Deputación da Coruña pode achegar aos cidadáns e cidadás da provincia unha pequena mostra da realidade e cultura africana. Despois do éxito de público na cidade da Coruña, **Cine África** trasládase a **Carballo**, co apoio do **Concello** será acollida na sede do **Pazo da Cultura**, **os vindeiros días 5, 6 e 7 de abril, ás 20:00 horas**. A entrada é gratuíta ata completar aforo.

A imaxe da África Subsahariana está condicionada por bastantes estereotipos, comezando pola visión *eurocentrista* da época colonial; pasando por visións impregnadas dunha óptica de aventura, e chegando ata o estereotipo da África violenta, chea de cruentas guerras, miseria e fame, produto dos conflitos e do modo de comunicalos. Evidentemente, os conflitos e as carencias existen, o problema ven de contar tan só esta parte da realidade africana, moitas veces sen realizar análise das causas, e outras moitas sen mostrar as opcións ou solucións dos cidadáns deste continente, tendo en conta as múltiples idiosincrasias que o habitan.





Aínda que moitas organizacións, comunicadores, así coma os propios africanos, intentan non dar unha imaxe de incapacidade das persoas dos países empobrecidos, moitas informacións fomentan, a meirande parte das veces sen intención, todas estas visións.

Esta Mostra pretende apoiar unha visión real das sociedades africanas, utilizando o cine coma ferramenta para a difusión da autoconcepción africana. Aporta a perspectiva de cómo as persoas que viven neste continente afrontan as súas propias realidades e problemas, o pulo por novas e renovadas iniciativas, coa dignidade dos esforzos individuais e colectivos, dentro da diversidade que supón a vida nun continente enteiro, con culturas, linguas e estadios de desenvolvemento diferentes.

Máis info: [www.cineafrika.es](http://www.cineafrika.es)

## CINE AFRICANO: UNHA MIRADA ATRÁS

A primeira película rodada por un africano é sen dúbida *Ghézal, a filla de Cartago* (1924), unha produción tunecina, seguida de *Leila* (1926) e *Zainab* (1926), dous films exipcios. Inspiráronse en modelos teatrais pero pronto, as foron abandonando. Os Estudios Misr abriron en 1934 e a partires desta data comeza a desenvolverse unha industria do cine, producindo varias películas por año. As reticencias de carácter político dos gobernos coloniais para permitir aos africanos facer o seu propio cine, e os problemas de índole financeiro explican a tardanza no xurdimento dunha industria cinematográfica en África. De feito, moitos países non ven nacer os seus primeiros realizadores ata os anos 70 do pasado século XX.

A produción de películas entendida coma unha empresa comercial, precisa de capitais dispostos a investir na propia produción, na creación dunha rede de distribución e na construción ou adaptación de salas de proxección. Caben dous camiños para isto: ben, a iniciativa privada dispón do capital necesario e está disposta a correr os riscos da empresa, ou ben o Estado inviste e asegura o financiamento inicial da súa industria cinematográfica.



Ata o de agora, Exipto foi o único país africano onde a iniciativa privada foi quen de poñer en pé unha industria eficaz e autosuficiente. Outros países, coma Nixeria, Marrocos ou Senegal, seguiron o segundo camiño investindo tanto na produción coma na creación dunha rede de salas de exhibición. Nun terceiro grupo de países, Alxeria, Tunicia, Malí e Burkina Faso, os gobernos encargaban films educativos ou de propaganda, pero nunca longametraxes comerciais. Sen embargo, esa política favoreceu a creación de instalacións de produción das que servíronse os primeiros realizadores destes países. Finalmente, a partires de 1970, a existencia de estudos de televisión xogou un importante papel no nacemento e desenvolvemento da industria do cine africano. Actualmente, hai en África máis de 250 produtores cinematográficos repartidos en máis de corenta países diferentes.

En Exipto, despois de pasar uns primeiros tempos por un cine a base de comedias musicais e melodramas moi teatrais, xurde a partires de 1939 un cine neorealista que dura ata o fin da Segunda Guerra Mundial. Comeza entón a facerse un cine de evasión de baixa calidade. Nos anos 50, empezan a facerse películas de guerra, cine policíaco, cine folclórico e dramas psicolóxicos que contan con guionistas procedentes da narrativa, como é o caso dalgúns adaptacións da obra de N. Mahfuz. En 1952, a meirande parte da industria é nacionalizada, pero isto non afecta a penas ao tipo de cine que se viña facendo. A súa industria alcanza entón, cunha produción media de 50 a 60 películas ao ano, o duodécimo lugar na produción mundial, dominando en Oriente Medio e Norte de África. En 25 anos de produción cinematográfica, o cine exipcio, produce cada ano tantas películas coma toda a África subsahariana; pódense atopar nel, todos os xéneros do cine contemporáneo.

No Magreb, o goberno alxerino optou por subvencionar a produción de films do tipo propagandístico, sobre a guerra da independencia e sobre o socialismo, sen impedir a produción doutro tipo de cine político, coma o de crítica á burocracia governamental. Algúns films tunecinos (a partires de 1966) situáronse nas mesmas tendencias do cine alxerino. Marrocos produciu películas, tanto das consideradas como cine comercial coma algunhas do nomeado cine intelectual. As veces, estas últimas lembran a Buñuel ao servirse do simbolismo máis que da intriga ou da acción.



No oeste do continente, as primeiras experiencias xurden a mediados dos anos 50, en Senegal, da man de Ousmane Sembene, cuxa influencia estará presente ata épocas moi recentes. Todos os seus films están marcados por tres características que están igualmente presentes noutros campos da creación artística: a negritude, o socialismo e o nacionalismo. No cine máis actual, autores coma Souleymane Cissé o Cheick-Oumar Cissoko, romperon xa coa herdanza de Sembene. O seu cine, metade documental, metade ficción, non propón solucións e pon o acento na acción e na imaxe máis que no debate intelectual. Sissoko seguiu unha tendencia aparecida fai poucos anos, abandonando o francés en beneficio das linguas africanas. O film policíaco camerunés é un xénero novo totalmente diferente.

En Nixeria, a televisión desenvolveuse moito antes que o cine e ten creado unha infraestrutura técnica. O cine comezou seguindo a tradición teatral yoruba e utilizando os seus canles financeiros. Ata 1972 non se realiza a primeira longametraxe, unha obra de Soyinka.

As primeiras películas realizadas en Sudáfrica, remóntanse a 1975. A pioneira foi o film zulu, *Ikati elimnyama*. Máis importante que o cine comercial foi a produción de documentais e reportaxes sobre o *apartheid*. Sen embargo, pode dicirse que o cine sudafricano aínda non despegou plenamente.

En xeral, pode observarse no cine africano, un interese nos seus autores, por ensinar, por educar a conciencia do público. As súas preocupacións son de orde político (clases sociais, o neocolonialismo, a dependencia), moral (a alienación e os males da modernidade en oposición coa tradición), didáctico (o papel das mulleres no campo, as consecuencias da droga...), persoal (problemas de identidade) ou de proselitismo cultural (o arte tradicional como antítese da medicina occidental).

FONTE.- "Historia Xeral de África", Edicións da UNESCO



## FICHAS TÉCNICAS DOS FILMS

### **Faro, la reine des eaux / Faro, raíña das augas**

[Salif Traoré](#)

Malí / Burkina Faso / Francia / Canadá / Alemaña 2007

96' – 35mm – color – VO bambara – Subtitulado castelán



**SINOPSE:** Zanga foi expulsado do seu pobo cando aínda era neno por seren froito dunha relación fora do matrimonio. Cando regresa ao pobo para descubriren a verdadeira identidade do seu pai, a súa chegada coincide con abruptos cambios no río da zona, o cal é interpretado polos aldeáns coma un sinal de que Faro, espírito das augas, está molesta pola volta do bastardo.

**Dirección** [Salif Traoré](#)

- **Produción** Sarama Films, DCN, Canal Horizons, PAV Communication, Bärbel Mauch Films
- **Guión** Salif Traoré, Olivier Lorelle
- **Fotografía** Jean-Pierre Gauthier
- **Son** Jean-Sébastien Roy
- **Música** Bassékou Kouyaté
- **Montaxe** Laure Budin
- **Intérpretes** Sotigui Kouyate, Fili Traore, Michel Mpambara, Habib Dembele, Helene M. Diarra
- **Premios** Namur 2007



## The Wooden Camera / A Cámara de Madeira

[Ntshavheni Wa Luruli](#)

Sudáfrica/Francia/Gran Bretaña

2003 - 90' - 35 mm - color - VO inglés - Subtitulado castelán



**SINOPSE:** A película desenvólvese en Cidade do Cabo e os seus redores, así coma na veciña vila de Khayelitsha, dez anos despois do fin do apartheid. Un día, Madiba e Siphon atopan un cadáver mentres xogan preto das vías do tren. O home tiña un arma e unha cámara. Siphon escolle o arma e Mandiba, a cámara, que tapa con madeira para disimulara. A sorte está decidida: mentres Siphon crea unha banda, Mandiba dedícase a filmar o mundo que lle rodea, descubriendo a súa beleza. En Cidade do Cabo, Madiba coñece e establece unha amizade especial con Estelle, unha rapaza que pertence a unha familia tradicional branca.

**Dirección** Ntshavheni Wa Luruli

- **Producción** Odelion Films
- **Guión** Yves Buclet, Meter Speyer
- **Fotografía** Gordon Spooner
- **Son** Dana Farzanehpour
- **Montaxe** Kako Kelber
- **Intérpretes** Junior Singo, Dana de Agrella, Innocent Msimango, Lisa Petersen, Nicholas Jara, Jean-Pierre Cassel
- **Premios** Berlin 2004, Stockholm 2004, Vues d'Afrique 2004, Henri Alekan - Paris 2004, Durban 2004, Emden 2004, Focus op het Zuiden 2004, Castellinaria 2004, Rouen 2005, Black Movie Genève 2005, FESPACO 2005, Lyon 2006



## Humanitaire! / Humanitario!

[Adama Roamba](#)

Francia – 2007

16' – Beta SP – color - VO francés – Subtitulado castelán



**SINOPSE:** Unha pista. Un camiión. Un campo de refuxiados. Cada día, Barou, un traballador humanitario, recorre unha pista de terra para recoller aos refuxiados e levalos a un campo de acollida. Cada día, as persoas do campo esperan o seu regreso cos familiares que perderon durante o éxodo. É o tráxico día a día dun campo de refuxiados africanos.

Director [Adama Roamba](#)

- **Producción** La Luna Productions
- **Guión** Adama Roamba
- **Fotografía** Paul Djibila
- **Son** Issa Traore
- **Música** Yeelen, Jeremie Dim
- **Montaxe** Noemi De Fouchier
- **Intérpretes** Serges Henri, Georgette Pare
- **Premios** FCAT2008



## One goal / Un obxectivo

[Sergi Agustí](#)

Serra Leoa / España 2008

26' – MiniDV – color – VO inglés & krio - Subtitulado castelán



**SINOPSE** “One Goal” é u obxectivo. Pero tamén unha paixón. O documental lévanos polo camiño cara a paz que un grupo de mozos amputados de Serra Leoa iniciou fai anos. A traveso da forza do seu xogo conseguiron converterse nun exemplo para a súa sociedade: de íconas da guerra a íconas do futuro e da paz en Serra Leoa a traveso dunha paixón compartida: o fútbol.

**Dirección** Sergi Agustí

- **Produción** Sergi Agustí Films
- **Guión** Sergi Agustí
- **Fotografía** Pep Bonet
- **Son** Aurora Reinlein
- **Música** Fermín Dorado
- **Montaxe** Aurora Reinlein



## Victimes de nos richesses / Víctimas das nosas riquezas

[Kal Touré](#)

Malí / Francia – 2006

58' – Beta DG – color – VO bambara, francés & inglés – Subtitulado castelán



**SINOPSE:** Un ano despois dos dramáticos acontecementos de setembro de 2005 nas fronteiras de Ceuta e Melilla, mozos africanos e africanas repatriados relatan as súas tentativas de cruzar a fronteira española, dando as súas versións do que aconteceu.

**Dirección** [Kal Touré](#)

- **Producción** Bandung Productions
- **Guión** Kal Touré
- **Fotografía** Kal Touré
- **Son** Pascal Capitolin, Hama Maiga
- **Música** Fantani Touré, Ali Farka Touré
- **Montaxe** Eric Chevalier, Sory M'Bemba, Amélie Degouis
- **Premios** Panafricano - Cannes 2007, Miroirs et cinémas d'Afriques - Marseille 2007, FCAT2008